



# ACTA

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano Colexiado</b>
PLN/2026/3	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

26 de marzo de 2026

**Duración:**

Desde las 19:30 hasta las 20:56

**Lugar:**

Sala de sesións da Casa Consistorial

**Presidida por:**

Marisol Morandeira Morandeira

**Secretario:**

Pablo Portela Fernández

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	NON
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ





33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **Expediente 233/2026. Dación conta Liquidación Orzamento 2025.**

Os membros do pleno toman coñecemento da resolución de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2026, relativa a aprobación liquidación do orzamento do ano 2025.

#### **Expediente 369/2026. Dación conta resolucións Alcaldía dende o N° 2026-0077 ata o N° 2026-0299.**

Dase conta das resolucións da alcaldía dende o N° 2026-0077 ata o N° 2026-0299.

#### **Aprobación da acta da sesión anterior**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, aprobou a acta da sesión plenaria de data 29 de xaneiro de 2026.

#### **Expediente 655/2024. Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público de Axuda no Fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

#### **Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público de Axuda no Fogar. Expte. 655/2024**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o requirimento recibido neste concello con data 3/03/2026 por parte da Consellería de Política Social e Igualdade por non adaptarse a normativa vixente a ordenanza fiscal





reguladora da taxa pola prestación do servizo público de axuda no fogar (artigo 5) publicada no BOP de Lugo de data 5/08/2013 e posterior modificación publicada no BOP de Lugo de data 14/10/2024.

Vista a providencia de alcaldía de data 4/03/2026 de incoación de expediente de modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público de axuda no fogar.

Vistos o informes de secretaría e de intervención de datas 6/03/2026 e 12/03/2026.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2026/293 de 12 de marzo de 2026.

### **Resolución:**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público de axuda no fogar que queda redactado como se reflicte a continuación:

#### *«Artigo 5. Cota tributaria*

*A cota tributaria da presente taxa establécese en 18 euros/hora de prestación do servizo. Sen embargo, as tarifas graduaranse segundo o sinalado no apartado anterior, de acordo co previsto no Regulamento Municipal de Axuda a Domicilio. En calquera caso establecerase un límite máximo de capacidade económica das persoas usuarias dun 40% da súa capacidade económica.*

*Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.»*

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada.

**Expediente 715/2024. Modificación do Regulamento Municipal do Servizo de Axuda**





<b>No Fogar.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

**Feitos e fundamentos de dereito:**

**Modificación do Regulamento Municipal do Servizo de Axuda No Fogar do Concello de Guitiriz. Expte. 715/2024**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o requirimento recibido neste concello con data 3/03/2026 por parte da Consellería de Política Social e Igualdade por non adaptarse a normativa vixente a ordenanza reguladora do servizo público de axuda no fogar (exposición de motivos, artigos 4,5, 6, 11, 12, 13, 15, 17 18 e 20) publicada no BOP de Lugo de data 28/10/2024.

Vista a providencia de alcaldía de data 4/03/2026 de incoación de expediente de modificación do regulamento do SAF segundo o establecido no requirimento da Consellería de Política Social e Igualdade de data 23/02/2026.

Visto o informe de secretaría de data 16/03/2026

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o 4.1.a) do Real Decreto 2568 /1986. do 28 de novembro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xuridico das Entidades Locais.

Vista a proposta de resolución PR/2026/325 de 17 de marzo de 2026.

**Resolución:**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Guitiriz segundo se establece no requirimento da Consellería de Política Social e Igualdade de data 23/02/2026 e que se achega como Anexo ao presente acordo.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.

**Documentos anexos:**





- Anexo 1. Regulamento SAF

**Expediente 288/2026. Aprobación Regulamento de Uso e Funcionamento do Ximnasio Municipal de Guitiriz.**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 1

**Feitos e fundamentos de dereito:**

**Aprobación Inicial Regulamento de Uso e Funcionamento do Ximnasio Municipal de Guitiriz. Expte. 288/2026**

Dona Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Por providencia da alcaldía de data 5/03/2026 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación do regulamento de uso e funcionamento do Ximnasio Municipal do Concello de Guitiriz.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 6/03/2026.

Visto o borrador de regulamento de uso e funcionamento do ximnasio municipal redactado polo servizos municipais.

Visto que se efectuou o trámite de consulta previa na páxina web e na sede electrónica para que durante o prazo de dez días naturais os interesados poidan presentar suxestións.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a proposta de resolución PR/2026/326 de 17 de marzo de 2026.

**Resolución:**

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e coa abstención do PP e do BNG , adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente o “Regulamento de Uso e Funcionamento do Ximnasio Municipal de Guitiriz” redactado polo servizos municipais que se achega como Anexo ao presente acordo.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.

**Documentos anexos:**





- Anexo 2. Regulamento ximnasio

**Expediente 301/2026. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos. 1/2026.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 3, Abstencións: 2, Ausentes: 1

**Feitos e fundamentos de dereito:**

**ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN.**

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionan no Anexo a presente proposta.

É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.

Á vista dos seguintes antecedentes que obran no expediente que existe a conformidade das facturas de referencia e a Documentación xustificativa por parte dos provedores.

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente xa que se inclúe crédito adecuado e suficiente no orzamento do ano 2026, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 23 das de execución do vixente orzamento municipal.

Considerando que é necesario aprobar os importes que se derivan das facturas, tendo en conta “principio de non enriquecemento inxusto” sentado pola xurisprudencia, no sentido de que se o gasto foi efectivamente/materialmente realizado, nas condicións pactadas, e en consecuencia é esixible, as empresas que realizan a prestación ou prestan o servizo deben ser resarcidas, pese a que quede acreditado no expediente a omisión de trámites esenciais no procedemento.

Vista a proposta de resolución PR/2026/307 de 16 de marzo de 2026.

**Resolución:**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do do PP e abstención BNG, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Resolver a discrepancia exposta a favor do criterio exposto pola intervención municipal conforme aos argumentos expostos nos antecedentes da presente proposta.





**Segundo.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial, levantar o informe de reparo de intervención e por tanto as prestacións executadas, das facturas que se relacionan no Anexo.

**Terceiro** Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

**Cuarto.-** Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Documentos anexos:**

- Anexo 3. AULA MENTOR ANO 2023
- Anexo 4. RELACION DE FACTURAS 40
- Anexo 5. RELACION DE FACTURAS 47

**Expediente 1273/2025. Resolución imposición de penalidades por incumprimento do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas do Contrato Mixto dos Servizos Enerxéticos do Alumeado Exterior e dos Edificios Municipais. (FACT-2025-1590)**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

**Feitos e fundamentos de dereito:**

**Resolución imposición de penalidades por incumprimento do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas do Contrato Mixto dos Servizos Enerxéticos do Alumeado Exterior e dos Edificios Municipais. Expte. 1273/2025**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Acordo do Pleno de 28/02/2025 onde se acorda: Adxudicar á empresa “Alisea Esco SA” con CIF A01489954 como autora da proposta máis vantaxosa para a Corporación, o seguinte contrato coas seguintes condicións ofertadas polo licitador e previstas nos pregos da contratación.

Tipo de contrato: administrativo
Subtipo do contrato: Mixto (subministración e servizos suxeito a regulación harmonizada)
Obxecto do contrato: “Subministro e Servizos enerxéticos do alumeado exterior e dos edificios municipais do Concello de Guitiriz”.





Procedemento de contratación: aberto	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: 50232100-1 Servicios de mantemento alumado público de calles 50700000-2 Servicios de reparación y mantemento de equipos de edificios 71314200-4 Servicios de xestión de enerxía dos recollidos no Regulamento (CE) nº 451 /2008 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de abril de 2008.	
Prezo de adxudicación: 6.183.868,85 € + 1.298.612,46 de IVE Enerxía aportada por autoconsumo: 40% da enerxía consumida en edificios a aportar como autoconsumo sobre a base de 450.000 kwh. Prezo de kwh da enerxía aportada como autoconsumo 0,10 euros + IVE	
Duración da execución: 20 anos	Duración máxima: 20 anos
División en lotes: non	Número de lotes:
Condicións de execución: a execución do contrato realizarase conforme aos pregos reguladores da contratación e conforme a oferta económica e técnica presentada polo licitador.	

- Contrato administrativo asinado entre o Concello de Guitiriz e Alisea Esco S.A de data 27 /03/2025.

- Factura nº 84 de 1/09/2025 (FACT-2025-1590)

- Informe do técnico de medio ambiente e calidade de responsable do contrato nº 2025-0150 de data de 10/11/2025 no que se establece:

<< (...)

*Segundo. Informe.*

*Tendo en conta o pregos tecnicos que rexen o expediente de contratación e o plan de acción para todas as prestacións do contrato presentado polo adxudicatario, a continuación efectúanse as seguintes consideracións, tendo en conta as prestacións nas que se divide dito contrato, a documentación aportada tras o requirimento de documentación e as que contén a factura presentada:*

<b>PRESTACION P1. XESTIÓN DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO</b>	<i>Importe facturado (IVE incluído): 18.730,06 €</i>
<b>Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción</b>	<b>Cumprimento</b>
<i>A ESE (Empresa de Servizos Enerxéticos) deberá conservar as facturas de subministro e levar un rexistro mensual desglosado da facturación por subministro. Estará dispoñible para o concello cando este o requira, e entregado o final do contrato. No plan de acción aportada polo adxudicatario</i>	<i>Non se cumpre. Segundo o adxudicatario esto quedará solventado coa</i>





<p><i>establece que será entregada mensualmente o concello para a sua verificación (pax. 768), na mesma paxina establece que fará informes de Xestión Enerxética que serán entregados o responsable do contrato coa seguinte estrutura (pax. 820):</i></p> <p><i>Informe de aforro mensual Estado instalación Facturación eléctrica Estado dos suministros Estudio de consumos impropios Estudio luminico Evolución liña base.</i></p>	<p><i>posta en marcha do software de xestión.</i></p> <p><i>Non cumpre.</i></p>
<p><i>No prazo de 1 mes comprobar que non existen desviacións entre os sistemas de encendido e apagado das instalacións, correxíndoos en caso contrario. Emitirán un informe co resultado e será entregado o concello. (apart. 5,2 do PPT)</i></p>	<p><i>A resposta do adxudicatario é que non detectaron diferencias significativas nos sistemas de encendido, polo tanto non hai desviacións.</i></p>
<p><i>Acceso o o software ARCADIA e GEMWEB, para crear ou visualizar avisos, inventario, ou verificar o estado de incidencias asociadas o mantemento pendentes de reparar, control de consumos, facturación, . (pax. 738 do plan).</i></p>	<p><i>Por parte do adxudicatario danos acceso o software Arcadia, o cal podemos acceder pero non aporta ningún tipo de información, informandonos que ata a posta en marcha da telexestión dos centro de mando non obteremos información algunha.</i></p>
<p><i>No prazo de duas semanas dende o inicio do contrato a ESE presentara unha proposta de fichas e listados que xenera a plataforma informática para a sua aprobación.</i></p>	<p><i>A resposta do requerimento o adxudicatario declara que cando teña operativa a plataforma web poderase ter acceso a fichas e listados. Polo tanto, non se cumpre.</i></p>
<p><b>PRESTACIÓN P2. MANTEMENTO E INSPECCIÓN</b></p>	<p><i>Importe facturado (IVE incluído): 4.714,4 €</i></p>
<p><b>Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción</b></p>	<p><b>Cumprimento</b></p>
<p><i>Tendo en conta o plan de acción (pax. 580) a ESE advirte da subcontratación dos traballos de mantemento. Consta na acta da mesa de contratación do 6/02/2025 que no caso de subcontratación a empresa adxudicataria deberá comunicar tal circunstancia o concello para que sexa autorizado polo organo de contratación (pleno)</i></p>	<p><i>Consta documentación aportada pola empresa de data 13/08/2025 e RE: 1300, onde se comunica dita subcontratación.</i></p> <p><i>Queda pendente a sua aprobación polo organo de</i></p>





	<i>contratación, previsiblemente se fará na sesión plenaria do 30/10 /2025</i>
<i>A ESE emitirá o concello informes sobre os traballos e inspeccións que foron realizando e sobre as incidencias que se produciron (apartado 6 do PPT), que sera de caracter mensual segundo plan presentado (pax. 843 )</i>	<i>A resposta do requerimento o adxudicatario declara que cando teña operativa a plataforma web poderase ter acceso os traballos de inspeccións e incidencias producidas. Polo tanto, non se cumpre</i>

<b>PRESTACION P3. GARANTÍA TOTAL</b>	<i>Importe facturado (IVE incluído): 943,7 €</i>
<b>Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción</b>	<b>Cumprimento</b>
<i>A ESE propoñerá a organización do servizo de garda e o número de equipos necesarios en función das características do concello, dando o visto bo por parte da administración local. (apart. 7.1 do PPT)</i>	<i>O adxudicatario na documentación aportada en datas 11/07/2025 e 13/08/2025, tan só establece quen vai realizar o servizo de garda pero non hai proposta da organización nin equipos necesarios. Polo tanto, non se cumpre.</i>
<i>Crearé un rexistro electrónico onde reflexe a hora de cada chamada, aviso recibido e accións a subsanar. Este rexistro estará a disposición do técnico do concello (apart. 7.1 do PPT)</i>	<i>Non se ten constancia de dito rexistro, mentras non exista a posta en marcha do software específico. Aportase listado de incidencias realizadas no mes de agosto, consta unha data ser saber se esta corresponde o día do aviso ou a resolución da incidencia nin se especifica as accións subsandadas en cada unha delas. Polo tanto, cumpre parcialmente este punto</i>
<i>Existirá un servizo telefónico de garda nas oficinas da ESE o longo das 24 horas do día que reciba os avisos e reclamacións, e a ESE comprometése a integrar dito funcionamento, na actual APP da que dispón o concello. (apart. 7.1 do PPT)</i>	<i>O adxudicatario declara que existe un servizo telefónico operativo as 24 horas (corresponde a empresa subcontratada). Así mesmo estase a desenrollar unha ferramenta de control de avisos e seguimento de ordenes de traballo para xenerar avisos que aínda non está operativa. Polo tanto, cumpre parcialmente.</i>





<p><b>PRESTACION P4+P5. OBRAS DE MELLORA E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS + INVERSIÓNS EN AFORRO ENERXÉTICO E ENERXIA RENOVABLES</b></p>	<p><i>Importe facturado (IVE incluído): 6.436,86 €</i></p>
<p><b>Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción</b></p>	<p><b>Cumprimento</b></p>
<p><i>Elaboración de informe de estado das instalación e necesidades no prazo de dous meses dende a formalización do contrato e informes relativos as operacións realizadas, asinarase unha acta de aceptación da prestación, que será cando dean comezo as medidas incluídas na prestación. (Plan de acción pax. 46)</i></p>	<p><i>Non consta informes dos traballos executados no mes de agosto nin informe do estado das instalacións e necesidades das mesmas para poder asinar a acta de aceptación das prestacións. Polo tanto, non cumpre.</i></p>
<p><i>Elaboración de informes quincenais onde se describan os avances dos traballos de instalación, e informes de propostas trimestrais (memoria pax. 908)</i></p>	
<p><i>Para cada proposta de execución da prestación P5 presentárase unha memoria técnica (apartado 9 do PPT)</i></p>	<p><i>O adxudicatario declara que as inversións a realizar é preciso rematar a fase de auditorías e definición de medidas de aforro enerxético. A auditorías da casa do concello, centro de día e pavillón Jonathan Carro Paz están a disposición do concello para súa análise. Así mesmo establece que haberá que determinar se o orzamento da prestación 5 é suficiente para as inversións necesarias a levar a cabo. O responsable do contrato non ten acceso a ningunha auditoría descrita nin proposta de traballos a executar. Polo tanto, non cumpre.</i></p>
<p><i>Certificación dos traballos a medida que se vaian realizando e informes quincenais do avance dos traballos de instalación (pax. 947 do plan)</i></p>	
<p><b>PRESTACION P6. CONTROL E IMPLANTACIÓN DO PROXECTO</b></p>	<p><i>Importe facturado (IVE incluído): 351,96 €</i></p>
<p><b>Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e</b></p>	<p><b>Cumprimento</b></p>





<i>no Plan de acción</i>	
<i>A consultora externa, en informes mensuais, verificará a execución das inversións, así como accións de mellora, etc. (apartado 10 do PPT)</i>	<i>Con data 29/09/2025 presentar subcontratación de empresa externa para dita prestación. Queda pendente a súa aprobación polo órgano de contratación.</i>

## **PLANS DE TRABALLO**

- 1. O primeiro plan de traballo deberá presentarse nun prazo máximo de 15 días dende a formalización do contrato, onde se inclúan as actuacións de mantemento preventivo previstas nos 6 primeiros meses e as actuacións das prestacións P4 e P5. **Cumprimento:** Consta na memoria incluída na oferta presentada o proceso de contratación. Na resposta do adxudicatario menciona unha reunión mantida nas dependencias municipais (na que non estivo presente o responsable do contrato) no que se estableceu as inversións da P4, mantemento dos edificios municipais, instalación da telexestión e inversións da P5.*

### *Terceiro. Conclusións*

*Como consecuencia de todo o anteriormente exposto podemos concluir o seguinte:*

- Procedese a **conformidade con observacións** da factura incluída no expediente: FACT-2025-1228, xa que existen varios incumprimentos por parte do adxudicatario que impiden o responsable do contrato verificar o cumprimento do servizo, non obstante co fin de evitar o enriquecemento inxusto da administración e evitar o posible pago de xuros de demora, procedese a conformidade da mesma.*
- Así mesmo, deberase iniciar polo órgano correspondente, o correspondente expediente de incumprimentos e penalizacións do contrato, xa que estamos ante un incumprimento grave, debido a reiteración na comisión de dúas faltas leves (Exp 1212/2025 e Exp, 1233/2025), segundo establece a cláusula 22, punto 3, do prego de cláusulas administrativas.*

*Establecendo un penalidade do 0,25% sobre o importe total anual do contrato, o ser a primeira vez de incumprimento grave.*

*E para que conste a efectos oportunos, e salvo mellor criterio, firma o presente informe, en Guitiriz, na data que consta na sinatura electrónica ao marxe.»*

- Informe xurídico de 12/02/2026.

- Decreto de incoación imposición de penalidades por incumprimento do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas do Contrato Mixto dos Servizos Enerxéticos do Alumeado Exterior e dos Edificios Municipais de data 16/02/2026.





Visto que non constan presentadas alegacións no prazo establecido na resolución de incoación da imposición de penalidades, de conformidade co informe da empregada pública do rexistro de data 12/03/2026.

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Publico
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Ao abeiro da atribución concedida ao pleno segundo o artigo 194.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vista a proposta de resolución PR/2026/286 de 12 de marzo de 2026.

### **Resolución:**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Impoñer a Alisea Esco S.A. con CIF A01489954 adxudicatario do contrato, unha penalidade de 772,98 € polo cumprimento defectuoso do mesmo/incumprimento parcial do PCAP e PPT (apartado 22, punto 2, do prego de cláusulas administrativas), penalidade que se fará efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ao contratista ou dedución sobre a garantía que se constituíu, cando non podan deducirse dos mencionados pagos.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo aos interesados/as e comunicar aos servizos municipais afectados.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**





Expóñense os rogos e preguntas que se recollen na video-acta.

Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:

SHA512 -

dbc96e3f353e844172ba46622871a7df84852d18ac8a5fe920a9e84c65c6d6c401fc8d2  
47052e011637a10d4a228fce3d58e27eedd239a9d3775505e051b39f0

O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:

[https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?  
id=Y2ZhMWMxODktZWQ3ZS00OWYzLWJmZDktZjgxODAxMjMwYzll](https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=Y2ZhMWMxODktZWQ3ZS00OWYzLWJmZDktZjgxODAxMjMwYzll)

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





## ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2026/3

### A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 715/2024. Modificación do Regulamento Municipal do Servizo de Axuda No Fogar.
  - Anexo 1. Regulamento SAF
  
2. Expediente 288/2026. Aprobación Regulamento de Uso e Funcionamento do Ximnasio Municipal de Guitiriz.
  - Anexo 2. Regulamento ximnasio
  
3. Expediente 301/2026. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos. 1/2026. Pleno.
  - Anexo 3. AULA MENTOR ANO 2023
  - Anexo 4. RELACION DE FACTURAS 40
  - Anexo 5. RELACION DE FACTURAS 47

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### C) ROGOS E PREGUNTAS





**ANEXO**

**REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE GUITIRIZ  
(LUGO)**

ÍNDICE:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**CAPITULO I DISPOSICIONS XERAIS.**

Artigo 1º.- Obxecto

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

Artigo 3º.-Natureza, definición e obxectivos do servizo

Artigo 4º.- Contido do servizo

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

**CAPITULO II DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

**SECCIÓN 1ª DISPOSICIÓNS COMÚNS**

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

Artigo 11º.- Requisitos Específicos

**SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

Artigo 18º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento





Artigo 22º.- Nacemento da obriga de pago

Artigo 23º.- Infraccións e sancións

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

**ANEXOS**



**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, ***dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente***, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 148/2014 do 6 de novembro polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle





unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do Decreto 254/2011.

Por outra parte a Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais y administrativas tamén modifica o citado Decreto 149/2013, de 5 de decembro pola necesidade de adaptar a normativa autonómica ó disposto no Real decreto 675/2023, de 18 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para la autonomía e atención a dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

Orde do 2 de xuño de 2023 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

Decreto 142/2023 do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia do dereito as prestacións do Sistema par a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos competentes.

Orde do 30 de Novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro do 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e procedemento dos órganos técnicos competentes.

Lei 5/2024 do 27 de decembro , de medidas fiscais e administrativas , pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación; polo que se modifica 142/2023 do 21 de setembro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.





## **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.**

### **Artigo 1º.- Obxecto:**

O obxecto desta ordenanza é establecer regulación do servizo de axuda no fogar, desenvolvido no Concello de Guitiriz, sendo o ámbito de aplicación o territorio municipal de Guitiriz.

### **Artigo 2º.-Ámbito de Aplicación:**

O establecido neste regulamento é de aplicación ao programa de axuda no fogar que se desenvolva no Concello de Guitiriz.

### **Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo:**

1.- O servizo de axuda no fogar é un servizo público, inserto no sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, que ofrece un conxunto de atencións dentro do propio domicilio, con carácter preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, e que se presta a través de persoal especializado. O servizo referido non exime á familia das súas responsabilidades. A súa planificación, coordinación e control correspóndenlle ao Departamento de Servizos Sociais do concello.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3.- O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.





**Artigo. 4º.- Contido do Servizo:**

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

Para as actividades de acompañamento fóra do fogar, como norma xeral, as saídas fóra do domicilio realizaranse cos medios propios do usuario/a, facendo a auxiliar, funcións de acompañamento e non de traslado.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Apoio á unidade familiar.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.





d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.
- f) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- g) Terapia ocupacional.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

-A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

-Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

#### **Artigo. 5º.- Persoas destinatarias:**





- 1.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.
- 2.- En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.
- 3.- Con carácter xeral, os posibles usuarios serán:
  - Persoas en situación de dependencia valoradas e que no seu Proxecto Individual de Atención teñan recoñecido o servizo segundo o disposto na Lei 39/2006 de 14 de decembro e poidan permanecer no seu domicilio sen requirir atención hospitalaria.
  - Persoas maiores con déficits de autonomía.
  - Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.
  - Fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.
  - Familias en grave estado de desestructuración familiar ou en risco de padecela.
  - Cando, en xeral, exista unha situación de desatención familiar ou persoal, avaliada tecnicamente e que xustifique a intervención do servizo.

**Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias:**

As persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios, no marco dos dereitos que con carácter xeral se recollen no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e demais normativa vixente, terán dereito:

- a) A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- b) A accederen e utilizaren os servizos en condicións de igualdade e non discriminación.
- c) A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- d) A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- e) A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- f) A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- g) Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.





- h) A coñeceren a situación do seu expediente.
- i) A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- j) Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora dos servizos sociais comunitarios.
- k) Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso o desenvolvemento da actividade dos servizos sociais comunitarios desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

**Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias:**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
